

UN NOVO ESCENARIO DE REFORMA DA PAC: O SISTEMA ALIMENTARIO DO FUTURO

19 DE XUÑO DE 2009 A LAS 10´20 HORAS

VILALBA, HOTEL VILLAMARTIN

INTRODUCCION

Este ano vai a ser o ano en que comecen os traballos para definir o futuro da Política Agraria Común, estreitamente ligada a reforma da estrutura orzamentaria da UE.

A Comisión Europea ten previsto presentar una comunicación no segundo semestre inda que as propostas concretas non chegarán ata o 2011.

Nos derradeiros anos en Galicia tivo lugar unha gran perda de peso específico da produción estritamente agraria, de tal xeito que a base agraria é cada vez menos relevante no conxunto da produción alimentaria e convertese, así, no eslabón máis débil da cadea.

A produción alimentaria autóctona perde terreo, o que afecta non soo a riqueza agraria senón tamén o desenvolvemento económico de Galicia.

Este espazo económico e comercial perdido é ocupado por producións alimentarias foráneas o que acentúa a “dependencia alimentaria” de Galicia.

O actual modelo baseado en dous piares precisa dunha profunda revisión, xa que é “descendente” dun modelo sostido na produción que non esta axustado as necesidades actuais da agricultura, nin o que a sociedade espera de ela.

Polo tanto, sendo o noso Estado o segundo maior beneficiario dos pagos, tras Francia, procedentes dos fondos agrícolas, non debería favorecer o mantemento do modelo. Faise preciso apostar por un modelo que reforce as funcións non comerciais da agricultura, pero que tamén consolide unha agricultura competitiva, moderna e innovadora.

Por elo debemos propor a continuidade do gasto agrícola e alimentario vencellado o medio ambiente cun sustancial incremento dos fondos do segundo pilar e unha converxencia das medidas de fomento de novas actividades no medio rural coa política rexional.

Agricultura sostible, diversificación, innovación, competitividade e incremento das rendas agrarias deben ser os eixos sobre os que desenvolver o novo modelo.

O mantemento dos criterios históricos prexudicaría notablemente os nosos intereses pois practicamente non cambiaría os tradicionais desequilibrios entre explotacións e territorios.

O pequeno tamaño das nosas explotacións, o envellecemento, a despoboación, a perda de man de obra, a baixa produtividade, a perda dos investimentos e a falta de integración da cadea de valor son claros factores limitantes a o que engadir as oportunidades inda non aproveitadas en desenvolvemento da calidade ou a falta de internacionalización.

A PAC ten medio século e unha vez mais terá que adaptarse aos novos retos, pero non por elo imos a por en cuestión as bases de dita política centradas na seguridade alimentaria e nunhas condicións dignas para agricultores e gandeiros. Non podemos desaproveitar a nova oportunidade de facer da defensa da actividade agraria e gandeira tarefa común.

Pero toda reflexión non pode ignorar a crise, os prezos baixos en orixe e as numerosas explotacións que están caendo por debaixo dos límites da rendibilidade e que fan da realidade unha situación non sostible a non moi longo prazo.

A nosa loita debe centrarse na transparencia na formación de prezos, abordar o desequilibrio que existe entre os intervindeiros na cadea de valor do sector agroalimentario, desenvolver normativa reequilibradora e apostar pola capacidade negociadora das partes.

O futuro, sen dúbida, debe pasar pola posta en marcha de medidas de apoio comúns a todos os agricultores e gandeiros do territorio comunitario pero, tamén é certo que as solucións non deben estar tan soas en función da capacidade de resposta de cada territorio pois non sería xusto, ni respondería o espírito de cooperación co que naceu a PAC e profundizaría nos desequilibrios.

PROGRAMA

- 10:30 horas** SAÚDO DE BENVIDA:
Miguel Vázquez Calvo
Presidente da Fundación Jacinto Calvo
- 10:35 horas** APERTURA E INAUGURACIÓN:
José Ramón Gómez Besteiro
Presidente da Deputación de Lugo
- 10:45 horas** CONFERENCIA:

“Situación e perspectivas do sector agro-alimentario en Europa; a reforma da PAC post 2013”

Eduardo Baamonde Noche
Director Xeral de Cooperativas Agro-alimentarias de España e Vicepresidente da Confederación de Cooperativas Agrarias da UE (COGECA)

Presenta a conferencia:
Eduardo Vidal Baamonde
Director Xeral do Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo
- 11:30 horas** Café
- 11:45 horas** MESA REDONDA / DEBATE:

“O sistema alimentario galego na encrucillada dunha nova reforma agraria europea”

Introduce e Modera:

Luis Angel Lago Lage
Senador e Patrón da Fundación

Interveñen:

Jose Luis Antuña Alvarez
Director Xeral de FEIRACO

Roberto García Gonzalez
Secretario Xeral UUAA

Sonia Verdes Gil
Deputada no Parlamento Galego e Portavoz C.Agricultura
- 13:00 horas** PECHE E CLAUSURA:
Manuel Vázquez Fernández
Secretario Xeral PSdeG-PSOE

